

Visita aos “Canóns do río Gato e Montañas do Xurés”

27 e 28 de xullo 2019

PROGRAMA

Sábado 27

9h. **Partida.** O punto de encontro será Ponteareas; saída 294 da A52.

10,15h **Ruta “Os Canóns do río Gato”**

Lonxitude, 6km
Dificultade, moderada
Interese, paisaxístico, botánico, ecolóxico, cultural.

A salientar..

Os bosques de rebolos, os Canóns do río Gato e do Arnoia, os bosques de aluvións de amieiros e freixos, as carballeiras mixtas galaico-portuguesas, as Adegas de Mogos, a parroquia de Sande.

16,30h **Hospedaxe no Albergue Municipal de Bande**

17,30h **Visita guiada á Igrexa de Santa Comba de Bande**

Xoia do prerrománico da Península Ibérica, presenta un estado de conservación moi bo. Ignórase a súa data de construción mais sitúase nos séculos VI-VII.

Ben de Interese Cultural, conserva pegadas artísticas de pobos que conformaron a historia de Galiza.

18,30h **Descanso**

Opcións de visita. **Lobeira** (Casa de Xocas-Xaquín Lorenzo), **Lobios** (conxunto de pegadas romanas), **Bande** (Aqua Querquennae, Aquis Querquennis).

21,30h **Cea**

Domingo, 28

9,30h **Ruta “Montañas do Xurés. O bosque de Queguas”**

Lonxitude, 8 km
Dificultade, moderada
Interese, botánico, arqueolóxico, cultural, paisaxístico, histórico

A salientar..

As uceiras húmidas atlánticas de erica tetralix; a anta “A casa da moura”; a vexetación casmofítica de pendentes e bolos; Montañas de Queguas, Xurés, Quinxo, Leboreiro; as reboleiras de Queguas.

14,30h **Baño na praia fluvial**

16,30h **Visita guiada ao Mosteiro de Celanova (S.X).**

A salientar..

Ben de Interese Cultural, Monumento nacional e Premio Europa Nostra, a visita guiada centrarase no Refectorio e cociña, a Igrexa conventual, o Coro Alto, a Sancristía e a Capela de San Miguel.

17,45h **Remate**